PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 10/10/2024 11:09:54
Nº Rexistro: 3195
Data envio: 10/10/2024 11:09:54.180

PARLAMENTO DE GALICIA

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 7 de outubro de 2024, adoptou os seguintes acordos:

PUNTO 2.º- COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2. Administración do Parlamento de Galicia

2.1. Asuntos económicos e contratación

I. O 17 de xullo de 2024, a Mesa do Parlamento de Galicia acordou iniciar o procedemento e aprobar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas da contratación administrativa, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada dos servizos para a xestión dos sistemas de información do Parlamento de Galicia (expte SRI-PA- 42024), por un valor estimado de 2.055.214,00 € (sen IVE).

II. De acordo co disposto no artigo 146.2.a da LCSP, e atendendo á complexidade técnica do procedemento de contratación pública obxecto do presente expediente, considérase necesario a constitución dun Comité de Expertos para apoiar á Mesa de Contratación na avaliación dos criterios dependentes dun xuízo de valor, co fin de garantir a máxima transparencia, imparcialidade e obxectividade no proceso.

III. O apartado 10 do cadro de especificacións do prego de cláusulas administrativas, referido á Mesa de Contratación, determina a necesidade de constituír un Comité de Expertos e a súa composición establecerase previamente á apertura do Arquivo B, o órgano de contratación designará ás tres persoas que comporán o comité (formado por expertos con cualificación apropiada). Este comité terá a responsabilidade de avaliar as propostas recibidas das ofertas presentadas, referidas á ponderación dos xuízos de valor (51 puntos sobre 100), conforme o disposto no apartado 8.2 e 9 do cadro de especificacións do prego de cláusulas administrativas.

IV. Con data de 18 de setembro de 2024, dende o Servizo de Persoal e Réxime Interior trasladouse escrito (número de rexistro 2855) á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), manifestándolle que consideramos que a participación de profesionais de dita axencia integrando o Comité de Expertos, dados os seus coñecementos especializados no ámbito da tecnoloxía e modernización, resulta clave para acadar unha avaliación das ofertas ben fundamentada no antedito procedemento de contratación. Motivo polo que se lle solicitou que nomeara tres expertos para formar parte do comité, así como os seus datos de contacto, a fin de coordinar as reunións e demais aspectos relacionados coa súa participación.

Intervención e Asuntos Económicos
Servizo de Persoal e Réxime Interior

CSV: REXISTRO-q5bPoBZ5a-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 10/10/2024 11:09:54
Nº Rexistro: 3195
Data envio: 10/10/2024 11:09:54.180

PARLAMENTO DE GALICIA

V. Con data de 1 de outubro de 2024, o AMTEGA achega escrito de "designación Comité de Expertos no procedemento de contratación Parlamento de Galicia STI-PA 4/2024 (número de rexistro saída da Xunta de Galicia 52/RX 1841681), e no que relaciona as persoas designadas por parte da Axencia.

VI. En consecuencia, cumpridos os trámites legais e regulamentarios, á Mesa do Parlamento, adopta o seguinte Acordo:

1. Nomear os membros que formarán parte do Comité de Expertos encargado da avaliación técnica das ofertas contidas no Sobre B do expediente de contratación STI-PA 4/2024, e que son a proposta da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), os seguintes:

   - José Andrés Freire Dapena, Xefe do Departamento de Medios e Capacitación Dixital.

   - Javier Páez González, Xefe do Departamento de Conectividade e Inclusión Dixital.

   - Manuel Nuñez Méndez, Operador Ordenador do Departamento de Información e Xestión do Dato.

2. Remitir o nomeamento do Comité de Expertos á Mesa de Contratación do Parlamento de Galicia para que esta, conforme a súas competencias, adopte as resolucións que considere oportunas.

3. Que serán funcións deste Comité de Expertos avaliar os criterios de adxudicación dependentes de xuízo de valor, elaborando un informe técnico que recolla a valoración motivada dos aspectos avaliados conforme o establecido nos pregos de cláusula administrativas e pregos de prescricións técnicas.

4. A duración do Comité de Expertos terá unha duración limitada á fase da avaliación técnica do procedemento de contratación e cesará nas súas funcións unha vez emitido o correspondente informe técnico e concluída a valoración das ofertas sometidas a xuízo de valor.

5. O seu funcionamento estará suxeito ó disposto na Lei de Contratos do Sector Público, o Regulamento do Parlamento de Galicia e calquera outra normativa aplicable en materia de contratación pública na Comunidade Autónoma de Galicia.

6. Comunicarlles este acordo á Intervención e Asuntos Económicos e ao Servizo de Persoal e Réxime Interior.

7. Autorizar o abono dun máximo de dúas dietas de 112,02 € ás persoas integrantes do antedito Comité, tendo en conta as ofertas presentadas e número de criterios, conforme ao artigo 25 do Decreto 144/2001. Xustificaranse coas actas das reunións do comité.

Intervención e Asuntos Económicos
Servizo de Persoal e Réxime Interior

CSV: REXISTRO-q5bPoBZ5a-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 10/10/2024 11:09:54
Nº Rexistro: 3195
Data envio: 10/10/2024 11:09:54.180

PARLAMENTO DE GALICIA

8. Publicar este acordo no perfil de contratante do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2024

Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior

Firmado digitalmente por Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior, email=xsarmiento@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2024.10.10 11:08:53 +02'00'

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

Intervención e Asuntos Económicos
Servizo de Persoal e Réxime Interior

CSV: REXISTRO-q5bPoBZ5a-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 10/10/2024 11:09:54
Nº Rexistro: 3195
Data envio: 10/10/2024 11:09:54.180

Asinado dixitalmente por:

Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior na data 10/10/2024 11:08:53

CSV: REXISTRO-q5bPoBZ5a-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/